

OUTONO CULTURAL

setembro | outubro | novembro | decembro | 2026



Danza

Venres 25 de setembro / 19:00 h / Anfiteatro

Coa cabeza nas nubes de SÖA

Danza/Contemporánea - Público infantil (+5 anos)

Duración: 40 minutos

Coa cabeza nas nubes é un espectáculo interdisciplinar que combina danza, clown e teatro xestual. Dous personaxes nun mesmo espazo, un tratando de sobrevivir afogado pola carga de traballo, e a súa compañeira, en vez de botarlle unha man, interrúmpeo pensando soamente en xogar. En-

tre ambos desátase unha divertida batalla chea de humor e acrobacias onde se confrontan dúas visións de vida. Estamos a traballar demasiado?

Autoría e dirección: Carlota Rosón Rojo e Martín Blanco

Teatro

Sábado 26 de setembro / 20:00 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Asemblea de Mulleres de Melandrainas Asociación Cultural

Teatro - Público adulto (+12 anos)

Duración: 90 minutos - Entrada libre

Para salvar a república do desastre, as mulleres de Atenas disfrázanse de homes, cólanse na asemblea e votan entregar o poder ás mulleres. Xa no goberno, instauran un réxime de propiedade común, pero a utopía axiña chocará con insólitas e divertidas dificultades. Unha comedia clásica sobre o poder e a igualdade.

Dirección: Marga Fernández

Elenco artístico: Ofelia Rodríguez, Antía Fernández, Azucena Souto, María José Bergantiños e María Cristina Fernández

Audivisual

Ciclo Outono das Artes da Deputación da Coruña

Xoves 1 de outubro / 20:00 h / Capela do Balneario

Saber Galiza

Cinema/Documental - Público adulto

Duración: 37 minutos - Entrada libre



Saber Galiza é un documental que recupera a historia e o legado dunha das institucións fundamentais da cultura galega do século XX. A través de testemuños de especialistas, documentación histórica e a participación de estudantado da USC, o filme percorre a traxectoria do Seminario de Estudos Galegos, pioneiro na investigación científica e humanística sobre Galicia. Unha proposta divulgativa que invita a redescubrir unha experiencia colectiva decisiva para comprender a historia, a lingua e a identidade do país.

Dirección: Cristina de la Torre

Producción: Nós Televisión

Audiobvisual

Ciclo Outono das Artes da Deputación da Coruña

Venres 2 de outubro / 20:00 h / Capela do Balneario

L'Archéologue (O arqueólogo)

Cinema/Documental - Público adulto / Duración: 60 minutos - Entrada libre



Curtametraxe documental con coloquio que afonda na memoria do petroleiro Mar Exeo, afundido fronte á costa da Coruña en 1992, a través da figura de Emile Gi-reau, un escultor francés que leva anos recuperando fragmentos do pecio para transformalos en creación artística. O filme propón unha reflexión sobre a memoria, a identidade e o proceso creativo, acompañando o protagonista nun percorrido íntimo que cuestiona os límites entre arte, arqueoloxía e lembranza. Cada proxección complétase cun coloquio co equipo da película ou co propio protagonista, favorecendo o diálogo co público.

Autoría: Antón Taboada

Producción: Asociación Sociocultural Zona Hadal

Audiobvisual

Ciclo Outono das Artes da Deputación da Coruña

Sábado 3 de outubro / 20:00 h / Capela do Balneario

Ao son da nova regueifa

Cinema/Documental - Público adulto (+14 anos)

Duración: 60 minutos - Entrada libre

Este documental propón unha viaxe na procura das pontes construídas entre a regueifa tradicional e as súas expresións máis contemporáneas, afondando no proceso de recuperación e transformación desta arte da improvisación oral na Galiza.

Dirección: Manolo Maseda e Saúl Rivas

Producción: Undodez



Teatro

Venres 9 de outubro / 20:30 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Estuario de Amarelo Cía (ESTREA)

Teatro/Danza - Todos os públicos (+6 anos) / Duración: 50 minutos - Con entrada: 4 e 3 €

Peza de teatro físico e comicidade sobre a dificultade de cambiar, a necesidade dos outros e eses espazos de tránsito nos que deixamos de ser o que eramos, pero aínda non sabemos en que nos converteremos.

Autoría: Laura Porto

Dirección: Julia Laport e Nacho Martín

Elenco artístico: Uxía Algarra, Raquel Crespo e Mario Rodríguez



Monicreques

XXV Feira Histórica Arteixo 1900

Venres 16 de outubro / 18:00 h / Anfiteatro

Cabicivai de Pablísimo

Monicreques - Público infantil (+4 anos) / Duración: 40 minutos

Espectáculo sobre rodas: unha bicicleta, un kamishibai e tres caixóns dos que pode saír calquera cousa!

Autoría, dirección e elenco artístico: Pablo Sánchez "Pablísimo"



Narración oral

XXV Feira Histórica Arteixo 1900

Venres 16 de outubro / 20:30 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Bailen as vellas. Os contos das cereixas con Atenea García e Vero Rilo

Narración oral - Público adulto (+14 anos) / Duración: 60 minutos - Entrada libre

Peza que reivindica a literatura, a música e a poesía de transmisión oral. Un tributo ás voces e ao legado das mulleres que non calaron, presentado a través de contos que se encadean de xeito natural, coma quen come cereixas, para falar de vida, memoria e amizade. Un espectáculo aclamado que percorreu os principais escenarios de Galicia, incluído o FIOT de Carballo.

Autoría e dirección: Atenea García e Vero Rilo



Música

XXV Feira Histórica Arteixo 1900

Venres 16 de outubro / 22:00 h / Praza do Balneario

Termando dos Marcos. Concerto de Bouba

Música/Folk tradicional - Todos os públicos / Duración: 50 minutos

A nova e madura proposta musical e festiva de Bouba, nacida dende a aldea e a resistencia cultural fronte á desmemoria. Herdeiras directas da tradición, ofrecen un espectáculo versátil, con identidade e cheo de troula, ideal para adaptarse a calquera formato: dende romarías e festivais ata os eventos máis íntimos.



Música

XXV Feira Histórica Arteixo 1900

Venres 16 de outubro / 23:00 h / Praza do Balneario

Un saber. Concerto de Alana

Música/Folk tradicional - Todos os públicos / Duración: 70 minutos

Un saber é o novo disco de Alana, que consolida o grupo como unha das propostas máis potentes e elegantes do tradi-pop galego, combinando a música tradicional con electrónica e pop. Formado por Antía Vázquez, Eloy Vidal e Pablo Castro, o trío ofrece unha coidada e enerxética posta en escena vinculada á raíz e ao baile. Cun estilo persoal e recoñecido internacionalmente, a banda xa levou o seu directo a citas referentes como o Festival de Ortigueira, o Intercéltico de Lorient ou o Terra Fest de Xenebra. Gañadores do Premio Xuventude Crea na categoría de Música.

Intérpretes: Antía Vázquez (voz e pandeireta), Eloy Vidal (teclado, guitarra e voz) e Pablo Castro (percusións e gaita)



Teatro

XXV Feira Histórica Arteixo 1900

Sábado 17 de outubro / 18:30 h / Anfiteatro

Tachán! de Inventi Teatro

Teatro - Público infantil (+4 anos) / Duración: 50 minutos

Un divertido espectáculo teatral para todos os públicos que mestura maxia, circo e humor. Aflixidos polas débedas e a precariedade, os seus protagonistas deciden probar sorte no mundo do circo coas pertenzas dunha vella compañía. A pesar de que nada sae como tiñan previsto, a súa amizade e unha ilusión sen límites transformaranos nos artistas máis sorprendentes da pista.

Autoría, dirección e elenco artístico: Marcos Alonso e Bea Campos



Teatro

Venres 23 de outubro / 19:00 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Bulebule de Os Náufragos

Teatro - Público infantil (+4 anos) / Duración: 40 minutos - Con entrada: 4 e 3 €



Unha fermosa obra sobre Candela, unha nena con TDAH que soña con construír o seu propio barco e ser patroa de mar. Xunto ao seu amigo Bruno, a obra acompaña a Candela nas súas ilusións e esforzos por superarse, amosando a forza do tesón e a enerxía fronte ás barreiras sociais. Unha proposta sobre a igualdade, a inclusión e a capacidade de acadar os propios soños.

Autoría e dirección: Gustavo del Río

Elenco artístico: Irene Lorenzo e Jimmy Núñez



Teatro

Venres 30 de outubro / 19:00 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Molto Barroco de Píscore

Teatro - Público infantil (+5 anos) / Duración: 60 minutos - Con entrada: 3 e 2,25 €

Espectáculo teatral e cómico que reivindica a música barroca a través do humor, os gags, a danza e os malabares. A historia segue o Compositor da corte, a quen o Rei lle encomenda unha peza orixinal para o baile de petición de man da súa prometida. Namentres o músico tenta crear a obra cos seus tres músicos de cámara, desenvólvese en paralelo unha comedia de enredo e un triángulo amoroso entre o Rei, a prometida e o propio Compositor, todo coa complicidade dun irreverente Bufón.

Dirección: Fran Rei

Elenco artístico: Pepe Varela, Diego Rosal, Félix Rodríguez e Pablo Cabanelas



Teatro

Venres 6 de novembro / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Riazor Ostia de Os Náufragos

Teatro - Público adulto (+16 anos)

Duración: 85 minutos - Con entrada: 4 e 3 €



Cincuenta anos despois do asasinato de Pier Paolo Pasolini na praia de Ostia, a peza establece unha ponte simbólica co asasinato de Samuel Luiz en Riazor en 2021. Dúas praias, dous contextos históricos distintos e un mesmo berro atravesado polo odio. Lonxe de procurar unha equiparación simplista, o espectáculo propón unha reflexión sobre os ecos do pasado no presente e sobre a normalización contemporánea de discursos de odio e violencias LGTBIQ+fóbicas.

Dirección: Gustavo del Río

Elenco artístico: Denis Gómez, Santiago Cuquejo, María Roja e Davide González

Teatro

Venres 13 de novembro / 20:30 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Señores (unha comedia machirula) de De Ste Xeito Producións

Teatro - Público adulto (+12 anos) / Duración: 75 minutos - Con entrada: 4 e 3 €

Historia do reencontro de catro mulleres para falar do vivido e do que está por vir, entretecendo medos, rancores e alegrías. É tamén unha ollada crítica a eses «señores» que opinan, cuestionan, vulgan, se alían ou acosan. Cun ton de comedia profundamente feminista, a obra aborda as relacións entre irmás, nais e fillas xunto á maxia de certas noites, botando man dun xogo teatral no que as propias mulleres encarnan eses homes que pretenden ditar como deben ser e actuar elas.

Autoría e dirección: Sergio Macías

Elenco artístico: Ana Fernández Sánchez, Nadia Geijo Doménech, Stephy Llaryora e Pepa Barreiro



Música

Sábado 14 de novembro / 20:00 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Arteixo, un mar de versos. Presentación do proxecto literario-musical de Sindo Otero e concerto audiovisual

Música - Todos os públicos / Duración: 90 minutos - Entrada libre

Unha proposta artística que fusiona literatura, música e artes visuais a través da interpretación de temas baseados nos textos de Antón Castro, Dora Vázquez, Henrique Rabuñal, Miguel San-de, Pablo Mariño, Paco Souto, Óscar García e Xosé Iglesias. A posta en escena conta coas voces de Amanda Villamar, Betty Queiro, Franki Lafuente e Sindo Otero, que dan vida e sonoridade a esta creación colectiva.

Música

Venres 20 de novembro / 19:00 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Lembra Xabarán. Concerto tributo de Priscila

Música - Todos os públicos

Duración: 70 minutos - Con entrada: 4 e 3 €

Lembra Xabarán é un tributo do grupo Priscila á música do Xabarán Club, unha proposta para toda a familia que rememora os anos oitenta e noventa a través da música que encadeaba os capítulos dos debuxos animados do Xabarán Club. Daquela, falar galego era rock and roll, era punk, era desafiar o sistema. Lembra Xabarán convidanos a unha viaxe temporal, musical e lingüística a través de Heredeiros da Crus, Aerolíneas Federales, Os Diplomáticos de Monte-Alto, Víctor Coyote, Blood Filloas, La Marabunta ou Siniestro Total.

Intérpretes: Fer González (voz), Yenina Alonso (voces), Aitor Salgado (batería), Dani García (guitarra), Fran J. Gómez (guitarra) e Borja Iglesias (baixo)



Música

Sábado 21 de novembro / 12:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Concerto homenaxe á patroa da Música da Banda de Música Santiago de Arteixo

Música - Todos os públicos

Duración: 90 minutos - Entrada libre

Concerto de celebración de Santa Icíe no que intervirán as dúas seccións da Banda de Música Santiago de Arteixo e no que se lles dará a benvida ás novas incorporacións da asociación.

Organiza: Banda de Música Santiago de Arteixo



Música

Sábado 21 de novembro / 18:30 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

III Encontros Musicais Santa Icíá do Orfeón de Arteixo

Música - Todos os públicos / Duración: 80 minutos - Entrada libre

Este encontro pretende fusionar a música das diferentes agrupacións do Concello, no que participarán o Orfeón de Arteixo e outros artistas convidados.

Organiza: Orfeón de Arteixo

Teatro

Venres 27 de novembro / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Mozas nas Redes de aAntena

Teatro - Público adulto (+14 anos)

Duración: 55 minutos - Con entrada: 3 e 2,25 €

Un espectáculo teatral unipersonal onde a actriz incorpora catro mozas adolescentes de diferentes estratos sociais, con diferentes aptitudes académicas e con distintas situacións familiares. Cada unha delas vai presentando como foi o momento en que foron forzadas a facer algo que non querían. Todas falan polo seu móbil, polo ordenador, e tratan de atopar e distinguir cales son os seus espazos de conflito así como os lugares de confort.

Dramaturxia: Bernardino Martínez

Dirección: Xosé Leis

Elenco artístico: Estíbaliz Veiga

Teatro

Sábado 28 de novembro / 20:00 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Ruído de Ditirambo


Teatro - Público adulto (+14 anos)

Duración: 70 minutos - Entrada libre

A sabotaxe perpetrada contra unha granxa de pitos conduce o idealista Gabo a prisión. Obsesionado co ruído que impera no mundo e atormentado polos danos ocasionados no galiñeiro, organiza un motín cos compañeiros do cárcere a fin de recuperar a liberdade e dar voz aos seus propios pensamentos, reprimidos polos poderes económicos e políticos dunha sociedade asentada na crispación, a mentira e a violencia.

Autoría e dirección: Lola Roel

Elenco artístico: Juan Carlos Alonso, Lola Roel, Valentín Entrialgo, Paula Baldrán, Iago Rego e Juan A. García



Teatro

Venres 4 de decembro / 20:30 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Reconversión de Ibuprofeno

Teatro - Público adulto (+14 anos) / Duración: 90 minutos - Con entrada: 6 e 4,50 €



Reconversión é unha viaxe desde a posguerra ata o “felipismo” dos 80, pasando polo auxe da industria siderúrxica e a evolución desde un estilo de vida rural a unha sociedade capitalista. Entre o íntimo e o político, o proxecto é un exercicio de memoria histórica ao redor da reconversión no sector naval na ría de Vigo. A obra sintetiza as vivencias de toda unha xeración, que sufriu o paro polo peche da factoría en 1984 e viviu as mobilizacións históricas que tiveron lugar nos anos 70 e 80.

Autoría e dirección: Santiago Cortegoso

Elenco artístico: Artur Abad, Cristina Collazo, Graciela Carlos, Santiago Cortegoso, César Goldi, Celia González, Davide González, Fran Lareu e Nani Matos

“KENNETH E AMIGOS”

Gala internacional de maxia

11 DEC. · 20:30H · ARTEIXO

AUDITORIO MANUEL MURGUÍA



Maxia

Venres 11 de decembro / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Gala de maxia Kenneth e Amigos de Joshua Kenneth

Maxia - Todos os públicos (+6 anos)

Duración: 70 minutos

Con entrada: 6 e 4,50 €

A Gala de Maxia Kenneth e Amigos regresa a Arteixo como unha cita cultural xa consolidada que reúne destacados ilusionistas nacionais e internacionais. O espectáculo ofrece ao público familiar unha experiencia de alto nivel, propia de grandes teatros, que combina prestidixitación, maxia visual, humor e grandes ilusións de escena, posicionando o municipio como un referente no mundo da maxia e o acceso á cultura de calidade.

Intérpretes: Lucía Rivera, Raúl Alegría, Kayto e Joshua Kenneth

Exposicións

Do 8 ao 19 de outubro

Sala de exposicións do CCC de Arteixo Manuel Murguía

Exposición de **selos e billetes antigos e de artesanía en madeira torneada** de J. Antonio García Uzal e Antonio Iglesias Rabuñal

Do 21 de outubro ao 12 de novembro

Sala de exposicións do CCC de Arteixo Manuel Murguía

Exposición **XX Premio Jesús Núñez de Arte Gráfica**

Do 17 de novembro ao 17 de decembro

Sala de exposicións do CCC de Arteixo Manuel Murguía

Exposición de **pintura abstracta** de Marcial Freire Rodríguez

OUTONO CULTURAL



A Concellaría de Cultura do Concello de Arteixo lémbrales que:

1. Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a **máxima puntualidade**.
2. **Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.**
3. Os carros, paraugas, triciclos, etc deberán permanecer fóra da sala.
4. **As alarmas e os teléfonos móbiles deben desconectarse antes de entrar na sala.**
5. Para realizar **gravacións e tomar fotografías** deberán obter permiso previo da organización.
6. Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomendan as propias compañías polo que **en espectáculos infantís ou para todos os públicos os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto**, que aboará a entrada correspondente, se é o caso, independentemente de se ocupa butaca ou non. **Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.**
7. **En espectáculos para adultos só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por adultos**, responsables dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.
8. Esta programación poderá sufrir variacións se as circunstancias o aconsellan.
9. En caso de climatoloxía adversa, algunha das actividades programadas para o Anfiteatro, poderán ser trasladadas para o Auditorio do CCC de Arteixo Manuel Murguía.
10. Algúns espectáculos estarán suxeitos ao **aboamento de entrada** para poder computar o aforamento efectivo por razóns de seguridade. O aforamento é único e compútase por persoas e non por butacas ocupadas.

ENTRADAS



VENTA DE ENTRADAS:

Online (www.eventosarteixo.com) ou o día da función 1 hora antes do seu comezo no local de exhibición até completar a súa capacidade. O nº máximo de entradas limitarase a 5 por persoa.

O dereito á redución deberá acreditarse documentalmentemente (ordenanza fiscal nº 34 do Concello de Arteixo).

+INFO

SM de Cultura
CCC de Arteixo Manuel Murguía
R/ Alcalde Baldomero González, s/n
981 659 100
cultura@arteixo.org
www.arteixeiro.org



Arteixo / Cultura



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS